

Libros

Antonio Martínez Puñal, “El sistema institucional del MERCOSUR: de la intergubernamentalidad hacia la supranacionalidad”, Tórculo Edicións, Santiago de Compostela 2005, 580 páxinas, ISBN: 84-8498-361-6.

Abordar un estudo xurídico sobre as estruturas que forman parte do Mercado Común do Sur (MERCOSUR), tal como o que ofrece Antonio Martínez Puñal, profesor titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais na USC, remite a un intenso exercicio destinado á análise académica da evolución e transitoriedade deste organismo clave no proceso de integración rexional (ou subrexional) na área sudamericana.

O enfoque utilizado afástase dos convencionalismos tradicionais con que se afronta o tema do MERCOSUR. No prólogo escrito por Jorge Pueyo Losa faise unha acertada referencia á diagnose exposta por Martínez Puñal sobre a “*atonía institucional*” existente no seo do MERCOSUR, unha ausencia de vigor determinado polo “*fíel e expresivo reflexo dos distintos perfís que integran os específicos intereses nacionais*” dos seus países membros: Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai.

Tomando en conta a actual conxuntura neste organismo, que cuestiona a súa fortaleza política e amosa unha perspectiva tendente á parálise, esta diagnose da “*atonía institucional*” permite especular sobre diversos escenarios existentes no momento actual e a propósito da futura evolución do MERCOSUR.

Polo tanto, dentro desta conxuntura cabe abordar determinadas interrogantes: como se poden conciliar os intereses intergubernamentais, a defensa da soberanía e os imperativos supranacionais, dentro dun marco de consistencia institucional exposto nos seus documentos claves, como son o Tratado de Asunción e o Protocolo de Ouro Preto? Ata que punto existe unha congruencia de intereses ou un pulso interno entre os seus estados membros, principalmente Brasil e Arxentina? Está capacitado o MERCOSUR para o ingreso de novos países, tales como Venezuela, con particulares prioridades e intereses que poden confrontar a idea orixinal do MERCOSUR? Tras máis de década e media de existencia, chegou a hora da renovación no MERCOSUR?

Martínez Puñal tenta responder a estas interrogantes a través dunha minuciosa análise dos mecanismos institucionais existentes no MERCOSUR e dos intereses nacionais dos seus países membros. Partindo da idea do carácter “*evolutivo e flexible*” con que se concibiu a súa estrutura orgánica desde a súa creación en 1991, o autor considera que, tras máis dunha década de existencia, resulta necesario considerar a posibilidade da súa renovación.

Elaborando unha acertada crítica, Martínez Puñal considera que *“o actual marco institucional do MERCOSUR se manifesta claramente insuficiente para xestionar un proceso que pretende desembocar nun mercado común”*. A pesar de que o seu marco organizativo e institucional atópase *“razoablemente consolidado”*, o autor argumenta que, para avanzar na constitución deste mercado común, o MERCOSUR *“debe preservar os seus esforzos mediante un afondamento substantivo das relacións dos seus integrantes, en campos distintos como a saúde, cultura, medio ambiente, cooperación transfronteiriza, educación, ciencia, tecnoloxía e xustiza, entoutros”*.

Este papel de motor da integración común debe ser asumido por Brasil como animador dun proceso de integración rexional *“cara unha realidade supranacional”*. Citando a Bernal Meza, o autor expón que *“o plan de acción a mediano e longo prazo do MERCOSUR dependerá en gran medida das opcións que faga o seu protagonista máis destacado, posto que é o Brasil quen ten a chave estratéxica do itinerario político e económico do MERCOSUR no século XXI”*.

Este proceso debe formalizarse unha vez se superen determinados *“desaxustes de corte constitucional”* dentro dos países membros, a fin de *“uniformizar o tratamento constitucional do fenómeno da integración”*, especialmente ante a falta de sintonía existente en determinados aspectos do Protocolo de Ouro Preto e o Tratado de Asunción, ambos marcos constitutivos do MERCOSUR. Este proceso de revisión constitucional a favor dun maior marco de integración debería, en palabras de Martínez Puñal, propiciar *“un sistema institucional razoablemente autónomo e un ordenamento xurídico eficaz”*.

En definitiva, a obra de Antonio Martínez Puñal ofrécenos unha revisión de carácter xurídico do marco institucional do MERCOSUR, modelando as súas fortalezas e debilidades, as súas sintonías e incongruencias, dentro dunha perspectiva crítica. Un estudo completo sobre un proceso de integración tan particular como necesario que, na actualidade, presenta preocupantes síntomas de paralización e esgotamento.

Roberto Mansilla Blanco.

Kenneth B. Pyle, “Japan Rising”, Editorial Public Affairs, Nova York 2007, ISBN-13: 978-1-58648-417-0, ISBN-10: 1-58648-417-6.

Esta obra analiza o fenómeno político xaponés, valora a súa capacidade e reflexiona sobre a posibilidade dun rexurdimento nos próximos anos. Aínda que se cre que Xapón está paralizado desde 1990, cando se estancaron os seus índices de crecemento e o seu “milagre económico”, confrontado e superado polo repentino ascenso de China, o autor considera que Xapón aínda ten “capacida-

de de sorprender" e segue ambicionando "unha posición a carón do Sol", é dicir, avanzar na súa dignidade nacional no mundo.

Neste apartado, e dentro dun proceso de rápida transformación da xeración de Heisei, resulta significativo o impulso para revisar a súa Constitución, co obxectivo de que Xapón estableza un novo rumbo. Nesta obra se explica este proceso "volvendo a cabeza" cara a súa historia contemporánea.

Kenneth B. Pyle di que a historia da época moderna de Xapón é moi difícil de explicar e comprender, porque mudou moito o seu comportamento internacional: dun illamento inicial a unha entusiasta recepción da cultura estranxeira; da adoración ao Emperador a adoptar un sistema democrático; do militarismo ao pacifismo. A política xaponesa é como se fora un péndulo, oscilando nun ángulo de 180 graos. Ninguén imaxinaba que Xapón modificara a súa actitude imperialista para reconverterse nun país con vocación comercial. En 1979, un sociólogo da universidade de Harvard clasificou a Xapón no primeiro lugar do mundo. Posteriormente, outro escritor dixo que era "un modelo para todo o mundo".

Non obstante, nos anos 90, Xapón entrou na "década perdida". Segundo o autor, é unha etapa de transición na política exterior de Xapón, na que o país enfrontouse cunha crise tanto a nivel económico como político, razón pola cal tivo que buscar un novo camiño. A economía caeu e, no 2002, a débeda exterior en relación ao PIB estaba chegando ao máximo nivel do que ningún país desenvolvido experimentara anteriormente. Velaí que Xapón padeceu unha diminución grave da súa relevancia mundial, acompañada de inestabilidade política.

Nesta "década perdida", Xapón tivo nove primeiros ministros. En 1993, o Partido Liberal Democrático (PLD) perdeu por primeira vez despois de gobernar 38 anos seguidos. A política exterior tamén adoecía de confusión. Un exemplo claro foi o comezo da guerra do Golfo en 1990, cando se formou a coalición liderada por EEUU, coa autorización da ONU, contra o Iraq de Saddam Hussein. Nesa conxuntura, o goberno de Xapón estivo paralizado porque as actividades exteriores das Forzas Armadas de Autodefensa de Xapón (FAA) estaban prohibidas pola Constitución. Finalmente, Tokio só pagou 13 mil millóns de dólares e recibiu pouca gratitude e moita burla. Xapón foi case un "actor esquecido (forgotten player)" dentro do sistema internacional.

Sen embargo, segundo Kenneth B. Pyle, un momento crucial chegou con Junichiro Koizumi, primeiro ministro entre 2001 e 2006. Koizumi realizou unha adaptación da política exterior de Xapón e impulsou a reforma das súas estruturas e organizacións domésticas. Despois de que as FAA participaran na misión de mantemento de paz da ONU en Iraq, rematando a prohibición de enviar as forzas militares niponas ao estranxeiro, Koizumi aceptou enviar as FAA a Iraq trala guerra de 2003.

No campo económico, Koizumi impulsou unha economía máis aberta e integrada no escenario global pero sen romper co modelo tradicional, máis ben reestruturándoo, privatizando o Servizo Postal, medida que provocou fortes protestas tanto no seu partido PLD como na oposición.

Outro cambio importante na política exterior xaponesa baixo Koizumi foi a súa tendencia, pese ás protestas de China, de ir a rezar ao santuario de Yasukuni, que conmemora aos soldados xaponeses caídos durante a II Guerra Mundial. Este suceso evidencia como Koizumi desoíu a opinión estranxeira, o cal é analizado polo autor deste libro como un indicador de que Xapón está recobrando a súa voz. E tamén que Xapón xa non mira a China como vítima da guerra senón como un rival.

Cara onde vai Xapón? Aínda que falta mencionar a influencia das empresas xaponesas e da súa cultura no mundo, hai moita reflexión sobre o camiño que transitou Xapón, especialmente na súa política exterior, durante o século XX. O actual primeiro ministro, Yasuo Fukuda, promove a estabilidade tanto da súa política interior como exterior, así como da súa economía, pero fundamentalmente desexa que Xapón ascenda na xerarquía internacional e restableza a súa dignidade nacional, tal e como explica Kenneth B. Pyle no seu libro.

Masashi Oki.

Steve Ellner e Miguel Tinker Salas (eds), "Venezuela: Hugo Chávez and the decline of an exceptional democracy", Rowman & Littlefield Publishers, Plymouth (Gran Bretaña) 2007, 220 páxinas, ISBN-13: 978-0-7425-5455-9 e ISBN-10: 0-7425-5455-4.

Domingo Irwin e Frédérique Lange (coords), "Militares y poder en Venezuela: Ensayos históricos vinculados con las relaciones civiles y militares venezolanas", Universidad Católica Andrés Bello, Caracas (Venezuela) 2005. 375 páxinas, ISBN: 980-244-399-9.

Nestes dous estudos sobre a actualidade venezolana abórdanse diversas perspectivas sobre as condicións sociopolíticas, económicas, militares e culturais que propiciaron o triunfo en 1999 da revolución "bolivariana" e agora "socialista" do presidente Hugo Chávez, actualmente encarreirado cara á consecución dun novo modelo político, social e económico para Venezuela.

No primeiro estudo resulta sumamente interesante o enfoque propiciado por diversos académicos estadounidenses (Steve Ellner, Dick Parker, Daniel Hellinger e Christopher I. Clement) no seu esforzo por comprender a hexemonía "chavista" no escenario venezolano e o seu impacto nas relacións cos EUA. Os autores tentan descifrar como a tradicionalmente considerada "democracia excepcional" venezolana, especialmente configurada desde a perspectiva estadounidense, virou case radicalmente cara a un modelo político "socialista" e confrontativo cara a Washington.

O enfoque dos académicos estadounidenses complétase coas perspectivas de recoñecidos investigadores venezolanos (Edgardo Lander, Miguel Tinker Salas, Je-

sús María Herrera Salas, Cristóbal Valencia Ramírez e María Pilar García-Guadilla), que se centran principalmente en analizar os cambios propiciados pola revolución chavista nos eidos petroleiro, cultural, social e laboral.

Ellner e Tinker Salas descifran e cuestionan as imaxes tradicionais que se transmiten nos EUA sobre Venezuela (país petroleiro, democraticamente estable e afín á cultura estadounidense) e como estas propiciaron un estereotipo máis reaccionario e distorsionado coa chegada de Chávez ao poder, a tal punto que os *policymakers* en Washington comezaron a observar a Venezuela como unha "nación perigosa", principalmente ante a posibilidade de que o modelo de Chávez significase unha ruptura da tradicional relación petroleira, política e cultural entre ambos os dous países. Neste sentido, os autores afondan na necesidade de superar os "mitos excepciona- listas" sobre Venezuela da realidade sobre o proceso que se leva a cabo actualmente nese país.

Pola súa banda, a análise de Dick Parker rastrea a ideoloxía de Chávez como marco de actuación para atopar unha vía alternativa ao proceso de globalización. Edgardo Lander e Jesús María Herrera abordan a natureza e dimensión clasista do conflito social que se vive en Venezuela e como a revolución de Chávez tenta superar a preponderancia dunha "política económica" con tintes de exclusión social e racial. Os textos de Cristóbal Valencia Ramírez e María Pilar García-Guadilla abordan o estudo dos movementos sociais que configuran a plataforma de apoio socio-político de Chávez e os mitos sobre a idea de "sociedade civil" en Venezuela, continuamente interpretados como vehículos de transmisión das demandas da oposición antichavista.

Outra perspectiva é a que se transmite no libro *Militares e Poder en Venezuela*. Os seus coordinadores, Domingo Irwin e Frédérique Langué (é autor dun libro en francés sobre Chávez e a revolución bolivariana), ofrecen un estudio basicamente histórico das relacións cívico-militares en Venezuela, desde a presenza dos "caudillos rexionais" e o pretorianismo militar entre 1830 e comezos do século XX (textos de Inés Guardado Rolando e Carmen Brunilde Liendo Gómez) ata a materialización dunhas forzas armadas unificadas de carácter nacional e profesionalizadas (Luís Alberto Bottó), e o seu impacto no devir político venezolano.

O interese deste libro está na análise de como esta perspectiva histórica inflúe na actual revolución de Chávez e o seu confeso carácter cívico-militar, especialmente cara á necesidade de comprender como o actual presidente venezolano, ex-tenente coronel do exército que tentou un golpe militar en 1992, logrou finalmente alcanzar o poder presidencial mediante o voto popular e democrático. Para apuntalar as súas análises co consecuente rigor científico, os autores utilizan como marco teórico e metodolóxico diversos clásicos das relacións cívico-militares elaborados por politólogos e historiadores como Samuel Huntington, Amos Perlmutter, Samuel E. Finer e Morris Janowitz.

Así, examínase o ronsel mítico da figura de Simón Bolívar no imaxinario cultural e histórico venezolano como heroe militar e político, así como a configuración

do "caudillismo militar rexional" e das ideas federalistas na Venezuela do século XIX e no tránsito cara á modernización petroleira no primeiro terzo do século XX. Como explica o investigador Tomás Straka, a idealización de Bolívar e, no caso particular de Chávez do federalismo decimonónico encarnado na figura de Ezequiel Zamora, son ideas posteriormente reivindicadas por outros mandatarios venezolanos como o Juan Vicente Gómez e o xeneral Eleazar López Contreras, este último foi quen propiciou a transición cara á modernidade política e económica en Venezuela tras a hexemonía do réxime "gomecista" entre 1908 e 1935.

A tese da "democracia participativa" de Chávez, como elemento de ampliación do espectro de participación política e a materialización do actual conflito sociopolítico, é analizada polo profesor Juan Eduardo Romero Jiménez. Isto permite intuír na discusión actual sobre as relacións cívico-militares en Venezuela, un retorno dos debates sobre a importancia da actuación das forzas armadas como factor de modernización política (texto de Ricardo Sucre Heredia), tomando como referencia os recentes estudos de opinión pública en Venezuela e a percepción cultural tradicional dos venezolanos cara ao seu estamento militar. Para finalizar, Domingo Irwin ofrece unha análise das complicacións teóricas e metodolóxicas para a reformulación actual das relacións cívico-militares en Venezuela.

A recente reelección presidencial de Chávez en decembro de 2006 significa o intento definitivo para "afondar o socialismo bolivariano" en Venezuela, dentro dun proceso que, como reitera o propio mandatario venezolano, marcará un período que abrangue do 2007 deica 2021. Aproximarnos imparcialmente e con rigor científico ás peculiaridades do proceso venezolano require sólidos argumentos académicos non menos complexos e polémicos. Estes dous libros tentan parcialmente solucionar esta demanda, con perspectivas e análises mais multisectoriais e disciplinarias.

Roberto Mansilla Blanco.